



**“As mulleres son o símbolo máis poderoso da actual rebeldía”**

*Conversa con  
María López Vigil*

# A foto que fala

A roupa dun migrante hondureño seca nunha ponte da fronteira entre Guatemala e México. Honduras é o país do mundo sen guerra cun maior índice de homicidios (un morto cada 90 minutos) e o 68% da súa poboación ten problemas co emprego. [Foto: Oliver de Ros]



## O trasno Teoloxía do comunal e solidario

Daniel López Muñoz



No caso da integración de inmigrantes fálase do modelo Burela, como cousa bonita, estilo galego, un xeito de acoller e incluír, de sermos xuntos, diferentes de orixe pero iguais no barco da vida- e nunca mellor dito no caso burelés.

E no caso de revitalización dunha parroquia interior galega habería que falar do modelo Muimenta, a da Terra Chá, que nos colle de preto por-

que é parte da nosa historia persoal e da propia revista *Irimia*. Merecería unha boa reportaxe no número 1000 desta revista miúda, inxenua e insistente.

Nunha reitoral de Muimenta cedida polo bispado e polo párroco, xenerosa de espazo, cheíña de buratos e ventás esmendrelladas, chegamos nos anos oitenta e pouco coa ilusión de facer algo lindo, practicamente co posto e con aquela cousa anarco-cristiá-galeguista no espírito, aquilo que tantas sospeitas levantaba nos dunha beira e nos da contraria, pero tantas simpatías na xente boa, xenerosa e aberta.

E nacía unha pequena asociación, e o teatro coa xente nova, e aquel entroido fundacional, esmendrellante; e unhas pasantías para rapaces, e moita festiña pequena. E alí estaba Manolo Vila un motor de explosión en ideas e tenruras, e Pepe da Gloria e Gloria que daba gloria, e Fina e Uxía, por dar algún nome. E despois chegaron Carlos e Pepe, os obxectores, e foi unha fusión nuclear, unha reacción en cadea. E prendeu en dúcias de xentes, e gañou dimensión cando marchamos,

medrando máis, cunha feira de mostras, a festa da filloa, e históricas vitorias como a de ter médico, escoliña e farmacia, invertendo a tendencia da Galicia rural.

Cousa ben linda foi refacer a escoliña como museo e a igrexa vella de pedra. O da igrexa dá para moita metáfora do Noso Señor. Arrodeada dun freixo e catro carballos senlleiros fora abandonada, para ser substituída por unha vicecatedral da fachenda, edificio horrendo e mudo. A igrexa vella falaba, faláballe á xente. E os veciños, os novos e os xubilados puxéronse mans a obra para refacela. E hoxe é unha preciosidade. Un sacramento do comunal e solidario.

Non hai moito houbo alí un concerto de Ses. Disque xa non é sagrada, que oficialmente Deus está na outra igrexa. Na muda. O caso que cando nos contaban estoutro día a historia, albiscabas o Misterio amoroso e tranqueiro da solidariedade popular, esa Enerxía que rompe a lóxica do interese e carga as baterías da entrega e o cariño. E sentes que é alí, máis ben, onde pasou algo sagrado.

# Editorial Os novos parados encubertos

O paro baixa pero a cousa non é como parece, cando menos en Galicia.

Xa non falamos da calidade do emprego, que habería. Ese asunto tremendo dos contratos de días ou de horas. As medias ou cuartos de xornada -iso si, no contrato que se asina, non na realidade.

Cómpre traer nos de volta un concepto que xa temos case esquecido: o “paro encuberto”. Era a etapa de desemprego alto e persistente que seguiu á crise do petróleo dos anos setenta. Na Enquisa de Poboación Activa Galicia daba moito menos paro que outras nacionalidades ou rexións de España. Os analistas trataban de explicalo. En realidade, dicíase, en Galicia hai paro, pero está “encuberto”.

O novo paro encuberto está neses 60.000 ocupados menos que hai en Galicia

Os contundentes informes dos equipos de estudos da banca, falaban da cantidade de xente que sobra no sector agrario. Nas explotacións familiares a rendibilidade seica era moi baixa: moitos cotizantes en cada familia para unha produción escasa. Xa que logo, mantiñan, hai

que enfraquecer, limpar de “paro encuberto” o campo galego.

Xa ninguén fala de paro encuberto. E poucos de traballo digno na nosa terra. Nas estatísticas, Galicia dá, outra volta, menos paro. A diferenza con respecto ao que pasaba antes é que a xente non está subempregada ou, como se pretendía, falsamente empregada nas explotacións agrarias familiares, na pequena agricultura. Non, a xente, simplemente non está. A pequena agricultura en caída libre. E o noso agro cunha necesidade urxente de man de obra formada para extraer todo o potencial dunha superficie agraria que se degrada pola falta de uso.

O novo paro encuberto de Galicia chámase nova vaga emigratoria e está neses 60.000 ocupados menos que hai en Galicia en comparanza cos que había antes do inicio da crise económica, aló polo terceiro trimestre de 2009. Daquela o emprego situábase nos 1.156.200 ocupados fronte aos 1.096.500 de agora. Marcharon. Están fóra.

Algo fixemos mal e habería que empezar a corrixilo.

## Rumores de esperanza

Xan Guillén

Pois levei unha sorpresa curiosa cando o lin. Resulta que o Papa Francisco convocou hai pouco un sínodo sobre a Amazonía. Son bastante escéptico sobre este tipo de xuntanzas (o sínodo da mocidade, sen ir moi lonxe, rematou estes días), pero neste caso teño un fío de esperanza.

Non espero conclusións que sexan transformadoras a curto prazo, pero o feito de que no Vaticano miren cara a outro lugar do mundo xa é motivo de esperanza. Gústame que se mire o mundo desde a Igrexa oficial coa mirada da ecoloxía e a defensa da diversidade cultural. Chámase a atención sobre a importancia de manter unha

actitude de respecto cara á natureza e as culturas diferentes, rexeitando a mentalidade de depredadores que, en moitos casos, temos desde a parte de arriba do mundo.

Tradicionalmente vemos a Igrexa moi preocupada pola moral individual e despreocupada por aquelas cuestións que son realmente transcendentales para o futuro da humanidade. Se cadra, este sínodo serve para que moitos monseñores e purpurados (reais ou de mentalidade, aínda que sexan pobres párrocos) se informen doutras cousas que pasan no mundo. Sería bo, abofé.



1



3



2



**CASTAÑA  
DE GALICIA**  
INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA

4



## A peneira

1

O PADRE MELO, como é coñecido en Honduras o padre Ismael Moreno Coto, vén de ser recoñecido como *Campión da xustiza*, un premio que outorga a organización estadounidense “Carecen” a persoas que destacan na defensa dos dereitos humanos e na loita contra a impunidade. Director de ERIC e Radio Progreso, obras sociais da Compañía de Xesús, xa fora distinguido no ano 2015 co “Premio Rafto de Dereitos Humanos”. Melo, ao igual que San Romero de América, é a voz dos sen voz e dos que nada teñen.

2

A produción da CASTAÑA caeu este ano ao redor do 30% debido á praga de avesa china, un mal dato para un sector que move anualmente en Galicia ao redor de 40 millóns de euros. É o tempo de achegarse a probalas a algún dos moitos magostos que enchen o país ao longo deste mes de novembro, como o VI Magosto Foliadeiro que se celebra en Santiago de Compostela o 17, organizado pola Agrupación Folclórica “Cantigas e Agarimos”, unha institución que está próxima a celebrar o seu centenario.

3

“Pisar terra sagrada. Ecoloxía e xustiza” é o título das XVI XORNADAS DA ASOCIACIÓN DE TEÓLOGAS ESPAÑOLAS que se vai celebrar o 10 e 11 de novembro en Madrid. Entre as relatoras, Mercedes Navarro, gañadora o ano pasado do premio da Fundación Herbert Haag para a Liberdade na Igrexa, e a chilena de adopción Judith Ress, autora do libro *Flores de sangue*, unha homenaxe a catro misioneiras americanas violadas e asasinadas na guerra civil do Salvador.

4

A chegada da choiva e do frío non afectan a música e o baile tradicional galego, todo o contrario, enche as escolas de xente nova, e non tan nova, desexosa de aprender as esenciais da nosa cultura. Nos últimos anos multiplicáronse estes centros, algúns, incluso lonxe da nosa terra, como a escola musical A PÍNTEGA AMARELA, aberta en Carabanchel Alto (Madrid), a patria de Manolito Gafotas. Máis á man, en Folgoso do Caurel, o 17 de novembro podemos participar nos “Obradoiros de música e baile tradicional” con Pepe Vaamonde, Luis Prego e Xabi Iglesias.



5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

A cooperativa FEIRACO celebra os seus 50 anos de vida. Naceu nas terras da Barcala, impulsada por Jesús García Calvo, e desde xaneiro de 2017 está integrada en CLUN (Cooperativas Lácteas Unidas) xunto con Melisanto (Melide) e Os Irmandiños (Ribadeo). CLUN agrupa 3 500 socios de 30 concellos galegos, dá traballo a máis de 400 persoas e factura por riba dos 125 millóns de euros, un 10% deles é froito da exportación, como a que realiza ao mercado chino coas súas marcas Clesa e Únicla.

6

A CONTAMINACIÓN DO AIRE converteuse nun asasino silencioso que causa a morte de 7 millóns de persoas ao ano e dana a saúde de moitos máis, unicamente por respirar. Segundo a OMS, que vén de celebrar a "1 Primeira conferencia mundial sobre contaminación do aire e saúde", 9 de cada 10 persoas respiran aire contaminado e tóxico e un terzo das mortes por accidente cerebrovascular, cancro de pulmón e enfermidade cardíaca débense á contaminación do aire.

7

A multinacional ALCOA anunciou o despedido de 686 traballadores das súas plantas da Coruña e Avilés; faino despois de aumentar os seus beneficios nun 50% no primeiro trimestre e de levar anos recibindo axudas públicas sen investir na mellora das instalacións. Non sería a primeira vez que a empresa utiliza este tipo de presión para lograr mellores condicións na compra de electricidade. Hai uns anos retirou un ERE logo de que o goberno do PP lle organizase unha poxa á súa medida. Con todo, desde que mercou INESPAL, no ano 1998, Alcoa pechou 8 das 11 plantas que tiña no Estado.

8

Etiopía vén de designar a Sahle-Work Zewde como presidenta do país, converténdose na única muller xefa de Estado actualmente en África e a cuarta na historia do continente. A elección de ZEWDE culmina as reformas sobre igualdade de xénero que puxo en marcha o primeiro ministro Abiy Ahmed e que se materializaron, por exemplo, no nomeamento dun goberno paritario. Unha boa noticia para un dos países máis poboados de África e cunha economía en desenvolvemento que algúns xa bautizaron como a China africana.

# Política Reforma a fondo ou liquidación

Carlos Vázquez G.



Non hai democracia madura que aguante sen reformar as súas leis fundamentais

O bipartidismo puido ter, ata hai ben pouco, as súas vantaxes, pero parece que tamén tivo os seus efectos negativos: a corrupción política xeneralizada e o veto obxectivo durante corenta anos a toda reforma constitucional. Excepción feita da que, pola porta de atrás, se impuxo, precisamente por consenso bipartidista, para lle dar prioridade ao pagamento da dé-

beda pública por riba das necesidades do Estado social. Ese veto permanente a calquera reforma da Constitución do 78 ten moito que ver coa expansión da corrupción, pois evitou reformas que facilitasen ampliar e afinar o control democrático sobre os poderes e as institucións e a máis elemental transparencia de todo o público.

Un réxime democrático impedido de desenvolverse e madurar facilita o autoritarismo material, baixo o manto de democracia formal, e propicia a corrupción en partidos e institucións. Normas autoritarias como a lei mordaza ou a derogación da chamada xustiza universal son unha boa mostra de cara a onde nos leva a parálise

constitucional. Por no falarmos do que supuxeron os últimos vinte ou trinta anos no inzamento dun tecido corrupto que alcanzou todos os ámbitos de poder no Estado. A recente e insólita marcha atrás do mesmo Tribunal Supremo, que consolidaría a práctica ilegal e inmoral da banca española de apropiarse indevida e directamente de recursos dos cidadáns, demostra ata onde pode chegar a deturpación do sistema.

Non hai democracia madura que aguante tantos anos sen reformar as súas leis fundamentais. Pero, ademais, no caso de España a situación é máis grave: a Constitución do 78 foi froito dun consenso para transitar da ditadura á democracia que, por desgraza e pola mala cabeza dos nosos políticos, non liquidou nin rompeu efectivamente coa tiranía, como se demostra acotío coa supervivencia de tics, comportamentos e privilexios propios e orixinarios do franquismo; tampouco se chegou a establecer de vez unha democracia madura, libre de servidumes derivadas do totalitarismo. Isto é o que explica a supervivencia do culto, case que oficial, a Francisco Franco, a prescrición das torturas, a escandalosa condecoración de torturadores franquistas ou a normalización de institucións excepcionais como a Audiencia Nacional que, en realidade, está a facer cada vez máis o papel do antigo TOP.

Ou se reforma a fondo a Constitución do 78 ou será liquidada, o que pode custar bágoas, suor e ata sangue. Velaí o verdadeiro dilema que se está a fraguar.



# O peto común

Rubén Aramburu

A Chaira é todo un misterio. Hoxe asexaba a neve, mais non. As cores pardas do outono insinuaban o frío mentres dabamos grazas por Xosé Manuel Carballo no seu cabodano... Sobraban liturxias, santos e sotanas e tratamentos de reverendo padre que Carballo endexamais aceptaría. Pero ben, foi fermoso. Comprebei desde o fondo, o divorcio do clero e do pobo. Atrás, os homes en pé. Ninguén contestaba as respostas da misa, meritoriamente en galego. Mirei cada rostro, mirei os beizos, tentei escoitar os rezos... Nin galego nin castelán, xente en silencio... Só contestaba un corifeo de corenta cregos afeitos...

O mesmo vivín en Roma na canonización de Monseñor Romero: latín, grego, italiano, alemán Inglés... Había 8 000 salvadoreños!!! Nin unha canción, nin un saúdo en castelán. Canto había gostar oírle ao coro da Basílica: **No hay cosa más bonita que mirar a un pueblo reunido... Cristo Cristo Jesús, identifícate con nosotros... Creo en vós, arquitecto ingeniero...** O pobo en silencio!

Convidáronnos a cear no comedor de Sta. Marta no Vaticano. Cardeais, bispos con chofer, secretarios, asistentes... Abriuse unha porta e apareceu Francisco, o Papa, sen asistentes. Tomou a bandexa e achegouse ao menú libre e colleu: ananás, espagete... Ceou en dez minutos e marchou.

Non entendín moito o cerimonial ata que coñecín a Rosa Chávez, primeiro cardeal do Salvador,



eterno bispo auxiliar sen ascenso por ser fiel ao profeta. No Salvador, cando falan de Monseñor Romero, dinlle o PROFETA. Aló entre sotanas de corte romano, ribeteadas de púrpura, solideos colorados..., estaba aquel home sinxelo, vestido con traxe humilde, falando con paixón do PROFETA. Non tiña secretario, nin chofer. Acordei cando coñecín a Helder Camara en Compostela e tantos bispos pasaban sen saudalo.

Na Chaira todo fala de sinxeleza, de humidade, de castiñeiros e nogueiras..., de Carballo ilusionista e ilusionador dun pobo esperanzado!!!

## O CARRABOXO por ROBE LOIS





Alfonso Mascuñana Bordas



*A unha boa parte dos seguidores de Irimia resúltalles un rostro e unha voz ben familiares, desde aqueles tempos nos que compuxo esa pequena obra de arte, feita de voz - eran os tempos dos casetes -, e dunha gran creatividade: “Un tal Jesús” era, en orixe, unha serie radiofónica -tamén editada como libro- de 144 capítulos de 15 minutos cada un, un invento feito desde unha emocionante querenza polo Xesús histórico, o de carne e óso, e tamén polo pobo latinoamericano; un invento que lle encantaba ás comunidades de base pero non tanto aos bispos.*

*María López Vigil naceu na Habana, en 1944. Foi relixiosa teresiana e estudou xornalismo nos anos finais do franquismo en Barcelona, e coordinou a sección de América Latina en Vida Nueva. Apoiou a revolución sandinista e afincouse en Nicaragua en 1981, onde se nacionaliza anos máis tarde, traballando en diversos proxectos na clave da teoloxía da liberación.*

*María segue activa e militante. Na pasada edición do encontro estatal de Comunidades Cristiás Populares presentou un desafiante relatorio: “Benaventurados os ateos porque eles verán a Deus”; tamén referido a unha súa recente publicación, formulando a necesidade de novas linguaxes para expresar a mensaxe do Evanxeo e insistindo en que “outro Deus é posible”; e na necesidade de sermos ateos respecto a moitas formas de presentar a Deus por parte das relixións, e que pouco teñen que ver co Deus de Xesús.*

*A seguir resumino a conversa de Alfonso Mascuñana con María López Vigil, que tivo lugar en Nicaragua e que tamén aborda a indignante apropiación indebida que o Orteguismo fixo do movemento Sandinista. A versión longa desta entrevista pódese consultar no noso Blog.*

Redacción

### **Cúmprense 50 anos de Medellín. Que queda da Teoloxía da Liberación en Nicaragua?**

Queda moi pouco porque, ao meu parecer, sempre houbo relativamente pouco se comparo o que atopei en Nicaragua en 1981 co moito que atopara noutros países de América Latina. En Nicaragua o que houbo naqueles anos foi unha insurrección contra unha ditadura e despois unha revolución, pero coído que a influencia da Teoloxía da Liberación foi moi relativa. A posrevolución demostrou. Sempre sentín que a influencia dos cambios que se deron, Vaticano II, Medellín, a Teoloxía da Liberación, deixaran unha influencia moi superficial e reducida nalgúns sectores. Compróbeino cando pretendín usar os programas de “Un tal Jesús” na Nicaragua revolucionaria dos 80. Houbo rexeitamento, non só da xe-

rarquía, senón do pobo que derrocara a Somoza.

### **Xerarquía da Igrexa católica, sacerdotes, párrocos, comunidades? Que papel están desempeñando?**

A relixiosidade que promove a xerarquía eclesial é extremadamente tradicional, baseada no máis arraigado da relixiosidade popular, pero

**○ FSLN non existe. ○ que existe é o Orteguismo-Murillismo, unha mafia.**

sen ningunha achega simbólica ou de discurso renovador: procesións, reliquias, festas patronais. Con todo, nesta etapa de loita popular e de criminalidade governamental, párrocos e relixiosos xogaron un papel fundamental facendo o que Xesús nos dixo que é o decisivo: deron para comer e de beber, refuxiaron os perseguidos,

curaron os feridos, protexeron os ameazados, acompañaron con presenza e palabras a rebelión da xente. Estiveron aí, aí onde a dor doía máis. E gañaron un enorme recoñecemento social. Tamén o gañou a Conferencia Episcopal, aínda que entrado en agosto e a represión, gardaron un silencio que é expresión dun temor que considero inadmisíbel. A xente

séntese un pouco defraudada por ese silencio.

### **Que papel xoga a fe católica nestas sociedades: trátase de indiferenza, de consolo, de alienación, de estímulo para o compromiso social?**

A sociedade nicaraguana é hoxe, case a partes iguais, católica e evanxélica. En ambos grupos de crentes predomi-



nan as ideas máis tradicionais. Iso non impediu que unha maioría da xente, sexa católica ou evanxélica, se rebelou contra o réxime Ortega-Murillo, aínda que si creo que unha concepción tan providencialista da fe, como a que predomina, limita o compromiso e dálle máis poder ás xerarquías. Creo que o papel das relixiosas foi, logo de abril, e xa o era xa antes, moito máis pegado á xente, pero é invisible para a maioría da sociedade e apenas ten proxección o que fan. Elas “non existen” publicamente. Sei de relixiosas que traballan desde perspectivas moito máis comprometidas

## Si, a rebeldía, a insubordinación, a toma de conciencia, sempre fai aflorar cousas novas

cás de homes, pero o que fan non transcende. O machismo eclesiástico é moi marcado en Nicaragua.

### Que pasa, logo, en Nicaragua desde o 19 de abril?

Pois toda unha rebelión cidadá de dimensións nacionais, espontánea e auténtica na súa orixe. Gústame chamala unha “insurrección da conciencia”. En resposta, o réxime Ortega-Murillo desatou unha política terrorista con policías e paramilitares provistos de armas de guerra e aínda hoxe con fiscais e xuíces que seguen as súas ordes e condenan como “golpistas” e “terroristas” a centos de persoas. Isto non é un golpe de Estado. Non hai grupo golpista. Non é un golpe financiado por Estados Unidos contra un goberno de esquerda. As relacións de Ortega con Washington durante unha década foron moi cordiais. O goberno de Ortega era de clara orientación neoliberal, aínda que con retórica antiimperialista. Abriron Nicaragua ás transnacionais, o goberno garantía que non habería folga, pagábanse os salarios máis baixos de Centroamérica, a minería

extractiva avanzaba aceleradamente... Non é un goberno revolucionario nin inimigo de Estados Unidos. O que pasou en abril foi totalmente imprevisto. Para o réxime e para todo mundo. Non esperabamos o espertar da mocidade nas cidades. Tampouco imaxinabamos o nivel de represión con que o réxime respondería, aínda que xa había moitos sinais: asasinatos en zonas rurais, unha represión desproporcionada ante calquera protesta, un estado de indefensión xeneralizado porque todas as institucións obedecían a Ortega e a Murillo. Nunca sospei-

tei tal nivel de crueldade e saña. O que pasou en abril foi a explosión da conciencia ante inxustizas, agravios, abusos. Foi acordar tras dun longo soño.


### Pensas que aflorou algo novo en Nicaragua?

Si, a rebeldía, a insubordinación, a toma de conciencia, sempre fai aflo-

rar cousas novas. Tamén houbo sementeira. Por iso recordo sempre o que me dixo unha amiga o 23 de abril, ao comezo de todo. Díxenlle: “Isto é unha sorpresa marabillosa, inesperada”. Ela contestoume: “Recorda que o fixemos todas”. Si, hai novidades. Esta é a insurrección que iniciou unha xeración de mozas que vive no mundo da comunicación tecnolóxica. É a rebeldía dos *millennials*.

### Como é o teu día a día desde o 19 de abril? Tes medo?

Todos temos medo. Provocalo é unha das estratexias do réxime. Coa rebelión de abril, Ortega e Murillo descubriron canto os repudiabamos. Na súa mente, se non os queremos, polo menos queren que os temamos. Fano todos os ditadores. A parella espera sufocar as protestas impondo o medo. Nunca na miña vida chorei tanto como o fixen desde abril. Aínda seis meses despois, de súpeto, bótome a chorar recordando algo. Co entusiasmo do principio pensaba que todo sería máis fácil. A partir da inesquecible marcha do Día das Nais empecei a sentir unha continua angustia e máis



Alfonso Mascuñana Bordas



medo. Porque vimos os niveis de saña aos que estaban dispostos a chegar.

**Para moitos de nós o FSLN foi unha organización revolucionaria que quería mellorar a sociedade. En que se converteu?**

O FSLN non existe: non hai programa, nin estratexia, nin organización. Non hai nada do que caracteriza a unha organización política, a un partido. O que existe é o Orteguismo-Murillismo, unha mafia.

**Que papel están xogando as organizacións de mulleres?**

Están moi activas, á par dos homes, nas marchas, nos “plantones”, acompañando as nais dos asasinados e dos presos, organizando nos territorios as protestas. Os liderados femininos son visibles e moi potentes: Irlanda Jerez ou Amaya Coppens son dous exemplos de líderes territoriais de distinta idade que se converteron en líderes nacionais nesta rebelión. Alén das mulleres organizadas, un dos símbolos máis poderosos desta etapa histórica son as mulleres nais dos asasinados reclamando xustiza, as nais dos encarcerados esixindo a súa liberdade. Teñen unha forza enorme os seus testemuños, o seu valentía, a

súa presenza, a súa determinación. Non é gratuío que o réxime decidise atacar a marcha do Día das Nais, a máis multitudinaria da historia de Nicaragua. Disparar ese día levaba a mensaxe terrible: ao disparar a matar contra esa marcha dicíannos: “Imos con todo”.

**Levas aquí media vida? Como sentes a actitude de Europa ante a situación de Nicaragua? E a dos partidos políticos “de esquerda”?**

O mundo cambiou demasiado desde que eu cheguei a Nicaragua, van aló 36 anos. Penso e sinto que non hai esquerda se non hai conciencia da centralidade dos dereitos humanos, dos dereitos das mulleres e do respecto á vida non humana e ao futuro do planeta. Creo que a esquerda tradicional, a europea, a occidental, non reflexionou suficientemente sobre eses enormes baleiros que a esquerda do século XIX e do século XX mantiveron. A esquerda europea viu na Revolución dos anos 80 unha esperanza -e habíaa -, e hai quen quere seguir a vela así, quizais para xustificar a súa propia historia. Creo que se defenden a si mesmos

un dos símbolos poderosos desta etapa son as mulleres nais dos asasinados

# Pingas de orballo Xesusa de Olas

Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero)

Xesusa de Olas

Xesusa, filla duns fiéis e verdadeiros cronistas da nosa tradición máis próxima (o señor Rafael e a Señora Elvira, de Olas) herdou deles esa capacidade social de compracer e conciliar, de saber relacionar espazo e tempo cara á solución dos pequenos contidos do corazón e cos continentes da súa alma, ou viceversa. Seduce aínda coa ledicia e o sorriso, anda coa razón dentro desta brevidade que nos leva e que non nos dá tempo a todo. Xesusa é desa xente con moito humor que padeceu os rigores do traballo que cómpre saber solucionar día a día, a pesar da dor, a pesar da incompreensión, sendo humildes e mantendo os pés na terra, agardando sempre un porvir, desde o traballo e a consideración.

Souberon, ela a súa familia, ser historiadores dos aconteceres da intrahistoria, construtores a pé de obra, saudadores do aloumiño, cribadores que bailan no mesmo cribo. Aínda a podeades ver polas Romaxes, non falta des que as coñeceu un día, xa hai moito tempo. Cantou algunha vez desde o escenario e pola megafonía, canta sempre e moito e toca a pandeireta, gústalle amosar o orgullo de ser, en alarde da moita sabedoría rural e vendo que ese saber se encolle diante de tanta xente que observa sorprendida ou que ignora o noso patrimonio orixinal.

Vai sempre cara a adiante, rindo ás frustracións que nos envolven constantemente. Inspírase na nosa historia e nos personaxes que loitaron irremediamente contra as inxustizas, en nome dun ideal de vivir e deixar que os demais tamén o fagan. Está afeita a escoitar, a saber o que pensan os demais. Aínde non deixa de sacar sempre o seu punto de vista, por raro que semelle, pícaro e incisivo. Sabe que o mundo, visto só polos seus ollos, é moi estreito. Sabe que



precisa, que todos precisamos, da visión dos demais. Que non abonda a nosa axenda persoal, que é un erro que só amosa unha perspectiva incerta e egoísta. Di, na súa filosofía, e con razón, que para estar mal informados chega co que cada quen pensa sen botar máis lixo nos ollos coa prensa que nos botan. Escoita os amigos e cóidaos e ten razón. Aos amigos de verdade, e canto sabe! Eses que tanto escasean e que non se perden en intereses. Cando fala deles, éncheselle a boca de anceios, de grazas feitas agasallos. Os teus amigos son tamén os meus, di. As amizades de verdade, esas que non traizoan, son o máis prezado don que se pode ter na vida. Non son moitos, e por veces menos dos que pensamos, pero forman parte desa satisfeita espiritualidade que nos xungue, desa comunión que nos leva no xeito de comprendernos iguais, mirando cara á mesma luz,

sen a exclusividade da razón que a mesma razón exclúe.

Sabe, mirade canto sabe, que sobra moita verdade e que para identificarse con ela, cando é verdadeira, chega con que sexa sinxela e breve, auténtica e mesmo pequena. Tanto sabe que sabe que canto máis dá, máis ten; que canto máis entendes, máis debes escoitar para aprender, e que canto máis escoitas máis confirmas o que sabes.

Vive alá en Olas, unha aldeñia pequena do Concello de Mesía, co seu home Félix. Van en anos, sempre xuntos, e a pesar das moitas aguantadas, xogan a partida das cartas, un diante do outro, os dous pola noite, e fanse trampas “consentidas” mentres na televisión bouran calquera cousa. Non lles importa, non a miran, téñena castigada nun recuncho, pero disque lles fai moita compañía sentilos desbravarse coma cans doentes.



# Crónica desde Nicaragua (3)

Alfonso Mascuñana



Outubro do 2018

## Encontros e emocións

Cústame arrancar hoxe; levanteime algo canso. A mañá vai camiñando e non espabilo. Estou a agardar o correo de Managua coa entrevista que lle gravei onte a Magali, e non chega. Tiña posta ilusións en que chegase para pasar o tempo que fose necesario transcribíndoo. Porque o de Magali foi un encontro sublime. No persoal e no político.

Teño moitas cousas que contar: o encontro con Magali; a visita á familia Carrión e Gladys na *14 de septiem-*

Cada pequena cousa que acontece déixame unha pegada que necesito reter e dixerir

*bre* (o que fora o meu barrio e a familia coa que vivira); a comida a media tarde nun centro comercial (convencional, pura franquicia para as minorías das minorías, comfortable

aire acondicionado, inmenso e case baleiro, con máis traballadoras que público); e unha celebración na que participei o luns na noite.

Vivo con presión; cada pequena cousa que acontece déixame pegada (sentimental?) que necesito reter e dixerir; para que, aínda que sexa inútil, non pase de largo “así no más”

Onte saímos ás nove para Managua. Son corenta e tantos quilómetros. No quilómetro dez está Masaya, na que non se entra. A estrada está pasable. A velocidade máxima é de 90 km/hora. Todo o traxecto está poboado con veigas, vivendas, negocios, bastante tránsito de persoas, de moitas bicis -sen luces, polo pequeno arcén, ás veces en sentido contrario- e de motos. Condúcese dun xeito que non sei como cualificar, dunha maneira moi propia á que logo te acostumas. De feito, eu trouxen a camioneta ao regreso sen grandes problemas. Managua faise notar a dez quilómetros antes de chegar, con máis negocios e algúns semáforos.

A cita era nunha casa do barrio Altamira, barrio que fora construído a finais dos sesenta para traballadoras de clase media e que ao resistir en pé o terremoto dos setenta conviñose en barrio medio-alto. Casas pequenas, bonitas e baixas, coma todas, e moito comercio na súa arteria principal.

Como chegamos antes da hora, tomamos unha pupusa, que lle gustan moito a Ana, e unha gasosa nun lindo comedor que, pola pinta e a pupusa, pensamos que era salvadoreño; pero



non. Tiña sombra, que nos aliviou a calor bochorna, previa á choiva. Fixémonos unha foto.

### **Magali, valentía en femenino**

Petamos e entramos na casa de Magali. Unha peza pequena, cunha temperatura fresquiña. Comezamos a recoñecernos e comentar as referencias recíprocas que tiñamos. Enseguida entramos en materia sobre a situación que estamos a vivir, al unísono.

Comecei a admirar a súa maneira veterana e feminina de nomear a situación e o pasado. Eu xa non me oculto, dixó, agardo que calquera día peten ou tiren a porta e veñan a por min. Case que non saio. As mulleres seguimos loitando. Estamos montando unha nova páxina web (que sae hoxe): *Voces.org.ni*.

Seguimos dialogando. De pronto, díxennlle que me recordaba moito a unha compañeira Venezolana, Mariana Yonug, combatente guerrilleira no 77-78, que despois viviu en Matagalpa ata os noventa e coa que tiven moita amizade. “Mariana!!!!” -exclamou- “Se fomos compas e traballamos xuntas coas mulleres, aquí e despois en Matagalpa”.

Unha coincidencia en todos os aspectos. Comenteille o traballo de Mariana en Maracai, coas mulleres do barrio, que formaran a cooperativa de vivendas e que ela se construíra a súa. “Esa es Mariana” –comentou-. Tamén que estivera por España sobre o 2005 ou 2006 e que facía uns anos que morrera.

### **Saber ler a historia**

Despois fíxennlle a primeira das doce preguntas que tiña preparadas: “Que está pasando en Nicaragua desde o 19 de abril”? Non houbo máis preguntas. Comezou a falar e falar, de vagar, atinado, coas palabras exactas, con paixón e con serenidade ao tem-

po. Un relato exemplar, compa, de alguén que na xuventude foi cadro sandinista no movemento estudantil, que loitou e continuou militando cando o triunfo; pero que, xa antes das eleccións dos noventa, mantén unha postura crítica coa Frente respecto das políticas da muller, do campesiñado, do enriquecemento dos cadros dirixentes, dos pactos a calquera prezo con tal de manterse no poder, da convivencia coa patronal dos Estados Unidos nas maquilas, do apropiamento individual de toda a maquinaria do Estado, tamén a electoral, da entrega das reservas naturais aos negocios dos amigos, das manobras de compra e venda ideolóxica coa Xerarquía católica para maquillar as cifras de feminicidios, prohibir o aborto terapéutico a cambio de apoio.

Tamén, da novidade que está a supor a insurrección do 19: foi, dicía a eclisión de algo que se fora xestionando ao fío de temas como aos que me referín, e que supón unha novidade en aspectos coma os da loita pacífica, coma os da participación da muller, da xuventude, a loita do campesiña-

do, a reivindicación da preservación da Terra.

E a reflexión sobre o papel das “esquerdas” tradicionais nestes anos, e a autocrítica e a esperanza en novos ideais organizativos.

Etc., etc., etc. Dúas horas e media de charla

Todo quedaba gravado nun audio que eu contaba transcribir, e tamén compartir tal cal, pois parecíame un material tamén para escoitar e debater. Pero o audio non foi. Sei que gravar, gravouse, pero, a pesar de cecellar, non se puido copiar para a súa transcripción. Magali dixó que falaría cun técnico e que mo enviaría. É o que estaba e estou agardando. Seguro que o amañan e o envían. Se non, non sufro. Pagou a pena escoitar.

Xa son as doce. Acaban de regalarme un pratiño cuns anacos de papaia. Ricos. Vou indo, algo máis espabilado. Pero déixoo aquí. Tal vez á tarde escribo outro pouco.

Boa tardiña, boas xuntanzas, boa vida e moitos bicos.



# O noso taboleiro

## VI ENCONTRO DE REDES CRISTIÁS “ACCIÓN LIBERADORA HOXE”

Do 30 de novembro ao 2 de decembro vai ter lugar en Xixón o VI Encontro de Redes Cristiás baixo o lema “Acción Liberadora Hoxe”, enmarcado no 40º aniversario da morte de Gaspar García Laviana.

O obxectivo é analizar, en clave de acción liberadora, os desafíos que hoxe ten por diante a nosa sociedade. Para iso haberá un relatorio marco sobre o tema central que nos convoca, levada a cabo por Teresa Forcades. Ofrécense tamén oito obradoiros, un deles organizado pola Coordinadora de Crentes Galeg@s, nos cales se poderá reflexionar, debater e sacar conclusións a nivel individual, comunitario e social sobre diferentes realidades. Son os seguintes:

1. Os profetas: Gaspar García Laviana, un profeta do século XX
2. Totalitarismos de estado e acción cidadá
3. A igualdade que soñamos
4. Violencias machistas
5. Medios de desinformación masiva?
6. Laicismo/Espiritualidade laica
7. Coidado da Terra
8. Globalización e fronteiras



Na páxina web [www.redescristianas.net](http://www.redescristianas.net) está toda a información sobre a inscrición e a axenda completa do encontro.

**“As mulleres son o símbolo máis poderoso da actual rebeldía”**

*Conversa con María López Vigil*

Actividade subvencionada pola



Deputación DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

Dende setembro de 1981

FEITO EN PAPEL RECICLADO

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

**COLABORADORES:** Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

**RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN:** [revistairimia@asociacion-irimia.org](mailto:revistairimia@asociacion-irimia.org)

**SUBSCRICIÓNS:** Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / [subscripciones@asociacion-irimia.org](mailto:subscripciones@asociacion-irimia.org)

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

**PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA:** [asociacion-irimia@asociacion-irimia.org](mailto:asociacion-irimia@asociacion-irimia.org)

**CONTA:** ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

**ISSN:** 2172-9182

**IMPRIME:** TÓRCULO Artes Gráficas

**DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** <http://asociacion-irimia.org/revista.html>



# Boa Nova



## A CLAVE

Quen dá do que lle sobra non ensancha o seu corazón. Por moi pomposa e grande que por veces nos resulte a Igrexa, o Reino non se coce nos grandes salóns alfombrados, nin en discursos teolóxicos máis ou menos fondos. Nin sequera nos bancos das igrexas ou nos documentos papais.

O Reino está naquela muller que se avergonza de darlle a Elías un pan co pouco aceite e a fariña que lle quedaba na casa, a que se encolle no templo porque só tiña dúas moedas e as dá sabendo que alguén as precisa máis ca ela. Non fai falla máis nada...

Xesús dálle a volta así, en dúas liñas, a toda a teoloxía do merecemento, aos discursos sobre a virtude, á sabedoría dos estudados, á xenerosidade dos abonados a todas as ONG do mundo...

Onte souben dunha congregación de monxas con colexio concertado en Santiago que abre casa en Melilla, na inhumana fronteira, para poñerse ao servizo dos orfos e orfas de terra, pan e traballo. No colexio de Compostela xa están mirando como van involucrar o alumnado e as súas familias nunha nova catequese de fronteira, aberta aos últimos. Velaí un paso firme e decidido cara a abaixo e cara ao fondo, como a nosa viúva. Brindo por elas!

Marisa de Corme

## A PALABRA

**DOMINGO 11 de novembro. XXXII do Tempo Ordinario**

**A PALABRA Mc 12, 38-44**

Naquel tempo, entre o que ensinaba Xesús dixo: «Coidado cos letrados! Gustan moito de se pasearen con vestidos fachendosos, e que lles fagan reverencias polas rúas; buscan os primeiros postos nas sinagogas e mais nos banquetes. E acábanlles cos bens ás viúvas, facéndose os piadosos. Mais serán xulgados como lles cómpre. Sentado fronte por fronte da sala do tesouro, ollaba para a xente que botaba cartos no peto. E moitos ricos botaban con fartura. E nisto viu unha viúva pobriña botar uns céntimos nada máis, unha miseria coma quen di. Entón chamou aos seus discípulos, é díxolles: «Asegúrovos que esa pobre viúva botou máis cós ricos todos. Pois eles botaron o que lles sobra, mais ela na súa pobreza, botou todo canto tiña para vivir. »

## O ECO

Hai momentos que borran todo, horas punta da verdade, reveladoras como gume de navallas. Nun avión sacudido, como nunca vira antes, noite pecha, luces baixas por mor do aforro de combustible, voces de “\_permanezcan sentados y con el cinturón abrochado\_” (non quedaba nin o consolo de escoitado nas linguas amadas), toda a xente comeza a mirarse, a verse. Non sei as outras persoas pero eu miraba para elas coa idea de que as súas caras ben puideran chegar a ser o último que viran os meus ollos. Iso tróuxome, coma lóstrego, a claridade dos derradeiros momentos (posibles daquela, seguros algún día). Cumpría dalo todo, deixar ir todo, para ser quen de vivir plenamente hasta o final. Se morro agora, dentro duns intres, que é o que realmente importa? Vencer o medo para sentir ben, sen interferencias, vivir a pelo o instante, so vivir, so respirar, mentres aínda pode...

Dalo todo, para vivir, fondamente, ser so vida. Troquei a coma de sitio na frase que viña remoendo desde que me encargaran este eco: “dar todo o que (creo que) teño, para vivir”, foi caer na conta de que non teño nada e tamén dalo, dar tamén esa certeza, non quedar atrapada na súa contemplación.

Non caeu o avión, pero pechei os ollos e din canto tiña. Parín un “ámote”.

Christina M.

# Falando da lingua Achaques

Lidia e Valentina



Os anos non perdoan, disque. E debe ser certo, porque nós ao ir cumprindo tamén empezamos a ter algúns “achaques” deses que -segundo o persoal médico- seica melloran, ou non empeoran, se regularmente nos aplicásemos. E alá fomos nós, guadiñas, anotarnos á piscina municipal, que ademais ten ximnasio.

Como no concello hai Servizo de Normalización, e ademais funciona, esíxenlle á empresa que xestiona este complexo municipal que empregue o galego. Xa nos demos conta nada máis entrar que o emprego se reducía a uns rótulos polas paredes, porque a

lingua da recepción, do monitorado e demais persoal (exceptuando o da limpeza...) non empregaba o mesmo código ca nós. Mais isto terá que ocupar outro espazo, hoxe queremos compartir convosco a nosa reflexión sobre a paisaxe lingüística destes centros.

Imaxina alguén que nunhas instalacións públicas poida estar nun rótulo fixo algo escrito en castelán do tipo: “vestuario feminino”? Que pasaría? Tería que pasar o mesmo ca se o rótulo é en galego e reza “vestiario feminino”, non vos parece? Pois nós case apostamos que o primeiro rótulo non

pasa do día que se coloca; pola contra, o segundo leva... anos!


Seguimos... Na sala de máquinas (que xa parece que imos emprender unha travesía en barco, pero non...) hai un vinilo na parede, ben grande, que quere animar o persoal a seguir traballando. Como o deberon de facer co tradutor automático, colocaron un “Segue aí”, cando debería ser “Sigue aí”. O verbo seguir ten alternancia na vogal cando o empregamos en presente: Eu sigo, ti segues, el/ela segue, nós seguimos, vós seguides, eles/as seguen... Pero o imperativo fórmase, igual ca o subxuntivo, a partir da primeira persoa do presente: Sigue ti! Igual que dicimos “Oxalá eu siga, ti sigas, nós sigamos... indo a este lugar”.

Os usos rituais da lingua, sen ningún interese pola calidade, levan a estas cousas. Pensarán algunhas persoas: Claro! Iso pasa por lles obrigaren a usar o galego... Para nós sería peor que se fixese en castelán, pero claramente este é unha evidencia da pouca consideración da lingua de Rosalía na súa terra. E estes achaques tamén se lle notan á lingua...

## O Fachineiro da política

### É a desigualdade, estúpido

Hai uns días nun programa de humor publicaban este titular: “Milleiros de pobres de dereitas néganse a cobrar o novo salario mínimo e esixirán seguir con 735 euros ao mes”. Aínda sendo retranqueiro, define ben o comportamento electoral dun sector da sociedade. Ese comportamento, ás veces tórnase inexplicable. Como é posible que calquera persoa sensata, pero sobre todo unha soa muller puidese votar por Trump? Como é posible que negros coma o exfutbolista Rivaldo apoie un racista convicto e confeso coma Bolsonaro? Nas eleccións dos EUA en 1992, ás que optaba Clinton púxose de moda o lema “É a economía,



estúpido”, querendo subliñar aquilo que podía decidir unhas eleccións. En países coma Brasil, cunhas diferenzas abismais entre etnias e clases sociais, ese comportamento deberíamolo buscar na desigualdade. O goberno presidido polo que dixo que o erro da ditadura foi torturar e non matar, promete man dura coa violencia, sen querer saber que esa violencia xorde da desigualdade. Unha desigualdade que cultiva a ignorancia e o fanatismo. E os recortes en educación empezaron axiña depois de Dilma. Non fai falta ser profeta para dicir que a cousa vai ir a peor.

A.Q.